

Código do documento	Código do expediente
UDP14I008X	UDP/2020/15
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2G48 565F 2R2D 6T5V 05ZT	

EMD

NORMATIVA EN TRÁMITE DE ELABORACIÓN

Consulta pública

BORRADOR REGULAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, e con carácter previo á elaboración do proxecto da norma, debe efectuarse unha consulta pública a través da páxina web municipal, na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En cumprimento do anterior, sométese a consulta pública previa a elaboración do borrador do Regulamento municipal de Participación Cidadá, coas características que se detallan a continuación:

Prazo: durante 15 días hábiles, desde o día 6 ao 24 de outubro de 2020, ambos os dous días incluídos.

Forma de participación: a través da dirección electrónica participacionciudad@culleredo.es, facendo constar no asunto "Consulta previa borrador de Regulamento municipal de Participación Cidadá".

Poderán presentarse opinións e suxestións acerca dos puntos relacionados no precitado artigo 133 LPAC.

Co obxecto de facilitar a participación na consulta pública, ofrécese a seguinte información sobre o proxecto normativo:

Antecedentes da norma:

Regulamento orgánico de Participación Cidadá do Concello de Culleredo (BOP n.º 29, de 4 de febreiro de 2008).

Problemas que se pretenden solucionar coa nova norma:

1. Regular as distintas formas de participación cidadá, tanto telemáticas como presenciais.
2. Ter un texto que contribúa a consolidar unha cultura reforzada de consulta e diálogo que facilite a convivencia, a solidariedade, a tolerancia, a responsabilidade cidadá e os valores éticos, humanos e democráticos, reforzando o desenvolvemento humano e a preocupación polo ben común.

Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

Esta actuación responde á necesidade de revisión constante das ordenanzas municipais, para dar cumprimento aos principios de modernización dos procedementos e mellora dos servizos que se ofrecen á cidadanía.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
UDP14I008X	UDP/2020/15
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2G48 565F 2R2D 6T5V 05ZT	

Obxectivos da norma:

1. Regular e fomentar a participación cidadá, de forma individual ou colectiva, na vida política, económica, cultural e social de Culleredo.
2. Promover a participación da sociedade nos asuntos públicos e favorecer a súa intervención na xestión municipal en todo o que prevé a normativa xurídica de aplicación nesta materia.

Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

As ordenanzas e regulamentos locais son as manifestacións da potestade normativa ou regulamentaria das entidades locais. A redacción dun novo texto normativo que regule a participación da cidadanía responde á necesidade de incorporar e regular o uso das novas tecnoloxías como forma de interactuar coa administración, e actualizar o texto vixente ás novidades legislativas.

Non se contemplan solucións non regulatorias.

Poderase consultar o borrador do texto do regulamento que se pretende aprobar na sede electrónica da páxina web do Concello (www.culleredo.es).

Culleredo,